

---

# ONDE NUNCA É MAÑÁ

Texto de MANUEL ÁLVAREZ TORNEIRO

Ilustracións de ALEJANDRO GONZÁLEZ PASCUAL

---

Encadernación rústica, sobrecuberta. 15 x 23,5 cm. 120 páx. 12 €.

ISBN 978-84-15250-69-2. Factoría K de Libros. Tambo.

*...E a maiores  
as almofadas cómplices  
que saben máis que calan:  
as almofadas, esas  
que se un día falasen  
reberaría o mundo.*

(Fragmento de "Territorio")

Manuel Álvarez Torneiro segue rastrexando o pasado en "Onde nunca é mañá"; e porfía en facelo dende o compromiso coa exactitude da palabra. A acumulación de memoria é cada vez maior e iso leva o poeta a unha sorte de confesión aínda máis crepuscular.

Persisten liñas como o gusto pola reveladora enumeración paradoxal, a exuberancia de imaxes poderosas e un manexo léxico de ourive. Neste poemario, a vella aproximación dos versos á cadencia do sermón busca dun xeito máis claro a exquisitez da naturalidade.

Á fin, quen emerxe neste libro é alguén agradecido («ladrón de mel nos libros prohibidos») á caloríña que desprenden os cadros e as músicas dos mellores. "Onde nunca é mañá" convértese así nun inventario de alentos e latexos a cargo dun home de tantos, teimando sempre na batalla a favor da vida.

Esta obra séguelle a "Os ángulos da brasa" (Premio Ánxel Casal de Poesía 2012, Premio da Crítica Española 2012, Premio de Poesía da Asociación de Escritores en Lingua Galega 2012 e Premio Nacional de Poesía 2013), que vai pola cuarta edición en galego e foi traducida ao castelán por Teresa Seara para Visor Libros.



MANUEL ÁLVAREZ TORNEIRO

## Onde nunca é mañá



TAMBO

---

■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** do autor de "Os ángulos da brasa"; outros títulos da colección *Tambo*: "Os ángulos da brasa", "Alén da fronteira" (Premio Lois Tobío de Tradución 2012), que recompila a obra de sete poetas vascos; "Tríptico", de Antoni Marí; "Espiral de sombras", de Xavier Seoane; "Estrela do norte", de Luis Rei Núñez.

---

### Manuel Álvarez Torneiro

(A Coruña, 1932)

Traballou durante moitos anos no eido do xornalismo, vencellado ao diario La Voz de Galicia. Mantén unha actividade poética ininterrompida dende a súa estrea serodia coa obra "Memoria dun silencio" (1982). A súa traxectoria inclúe os títulos "Rigorosamente humano" (1995, Premio Esquíu), "Luz de facer memoria" (1999, Premio González Garcés e Premio da Crítica Española) e "Campo segado" (2001). Dende entón, vén publicando os seus libros na colección *Tambo*: "Epicentro" (2003, finalista do Premio Nacional de Poesía), "Setembro Stradivarius" (2004), "Parábola do incrédulo" (2006) e "Os ángulos da brasa" (2012, Premio Nacional de Poesía, Premio da Crítica Española, Premio Ánxel Casal da Asociación Galega de Editores e Premio de Poesía da Asociación de Escritores en Lingua Galega).